

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: Texto galego STOP	IDENTIFICADORES OC: 51318I02QX	
OTROS DATOS Código para validación: VHLR6-XNOCT-VD98H Página 1 de 10	SELLO	FIRMAS



## Concello da Coruña

Área / Unidad CIRCULACION MU1100A LFS	Documento 51318I02QX
Código de verificación  0E3I 3W2I 3429 6Y6Z 07AM	Expediente 851/2024/25
	Fecha 08-07-2024

### Convenio de colaboración entre o CONCELLO DA CORUÑA e STOP ACCIDENTES para o desenvolvemento de actividades encamiñadas ao fomento dunha mobilidade sostible e segura. Ano 2024

Na data da sinatura dixital deste documento,

#### AS PARTES:

Dona Jeanne Picard Mahaut, como delegada en Galicia de STOP ACCIDENTES, AYUDA Y ORIENTACIÓN A LOS AFECTADOS POR ACCIDENTES DE TRÁFICO, de aquí en diante STOP ACCIDENTES, con NIF G62484480, actúa en nome e representación da entidade.

Dona Inés Rey García, como alcaldesa do EXCMO. CONCELLO DA CORUÑA, en diante CONCELLO, actúa en representación deste.

Ambas as partes recoñécense capacidade para formalizar un convenio co obxecto de desenvolver actividades formativas e informativas relacionadas cos obxectivos de *A Coruña Ciudad 30*, para lograr un modelo de cidade que mellore as relacións sociais nunha contorna de mobilidade saudable, sostible e inclusiva. Accións relacionadas coa seguridade viaria como VISIÓN CERO VÍTIMAS e o enfoque integral do SISTEMA SEGURO, que permita consolidar o camiño escolar a través de pautas de convivencia no termo municipal ao longo do ano en curso.

Para estes efectos,


#### EXPOÑEN:

Que o CONCELLO, ao abeiro do previsto no artigo 25.2. g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e nas normas regulamentarias que a desenvolven, exerce competencias en materia de tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade.

Que a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante LXS), no seu artigo 2.1 entende por subvención toda disposición monetaria realizada polas entidades que integran a administración local a favor de persoas públicas ou privadas que se entregue sen contra prestación directa, que se condicione ao cumprimento dun determinado obxectivo ou á realización dunha actividade, debendo a entidade beneficiaria cumprir as obrigas materiais e formais que se establezan e que se realice para fomentar unha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

Que STOP ACCIDENTES é unha entidade sen fin lucrativo constituída o 22 de novembro de 2000 e declarada de utilidade pública (Orde INT/298/2007 do 29 de xaneiro de 2007, publicada no BOE núm. 40-6743). Segundo os seus Estatutos, entre outros fins, persegue:

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: <b>Texto galego STOP</b>	IDENTIFICADORES <b>OC: 51318I02QX</b>	
OTROS DATOS Código para validación: <b>VHLR6-XNOCT-VD98H</b> Página 2 de 10	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 2256902-VHLR6-XNOCT-VD98H-0E63E4AFC0813D655D1BE8747477DC59F531838) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



## Concello da Coruña

- 1) *Promover un cambio cultural sobre a seguridade viaria e os accidentes de tráfico.*
- 2) *Concienciar á sociedade en xeral para reducir a violencia viaria e os seus efectos.*  
(...)
- 7) *Impulsar actuacións para conseguir unha mobilidade sostible e segura que fomenten criterios de sustentabilidade nos hábitos e comportamentos das persoas e incorporen actitudes máis respectuosas co medio ambiente.*  
(...)
- 9) *Promover e efectuar cantas actividades sexan precisas para a sensibilización, concienciación, investigación, estudo e prevención de accidentes de tráfico. Dar a coñecer e difundir tales propósitos, mediante actividades de información e formación a todos os colectivos sociais, a través de calquera medio de difusión pública.*
- 10) *Promover e efectuar cantas actividades sexan precisas para a formación, educación e coeducación en materia de seguridade viaria, e potenciar a formación de formadoras/es nesta materia. Establecer compromisos estables de articulación e cooperación que potencien accións encamiñadas á creación de estruturas organizativas que sirvan para articular con todos os sectores sociais, públicos e/ou privados a realización de programas conxuntos encamiñados a sensibilizar e formar á poboación en xeral, así como a grupos sociais con risco de exclusión social (...) nos temas relacionados coa seguridade viaria así como aos infractores en seguridade viaria condenados a traballos en beneficio da comunidade.(...)*

Que os obxectivos de ambas as partes amparan a subscrición dun convenio de colaboración que regule a participación conxunta en actividades, accións e/ou programas que se vaian desenvolver en relación coa concienciación e sensibilización en materia de mobilidade sostible e segura e/ou coa prevención de accidentes de tráfico.

Que o orzamento municipal para o ano en curso recolle unha subvención de carácter nominativo a favor de STOP ACCIDENTES por un importe de **VINTECINCO MIL EUROS (25.000,00 €)**.

Que o artigo 22.2 da LXS permite conceder de forma directa as subvencións recollidas de xeito nominativo nos orzamentos e o seu artigo 28 sinala os convenios como o instrumento habitual para canalizalas.

Que ambas as entidades consideran oportuna a subscrición dun convenio que regule o desenvolvemento de actividades para fomentar a mobilidade sostible e segura, desde o 1 de xaneiro e ata o 31 de decembro do ano en curso, como un medio útil para concienciar ás persoas participantes.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio coas seguintes


### CLÁUSULAS:

#### PRIMEIRA. - Obxecto da axuda e período de realización da actividade

Este convenio ten por obxecto desenvolver actividades formativas e informativas, para lograr un modelo de cidade que mellore as relacións sociais nunha contorna de mobilidade saudable, sostible e inclusiva, relacionadas coa seguridade viaria como Visión Cero vítimas e o enfoque integral do Sistema Seguro.

O obxecto concretarase no desenvolvemento de actividades, accións e plans de actuación entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano en curso relacionados con:

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: <b>Texto galego STOP</b>	IDENTIFICADORES <b>OC: 51318I02QX</b>	
OTROS DATOS Código para validación: <b>VHLR6-XNOCT-VD98H</b> Página 3 de 10	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 2256902-VHLR6-XNOCT-VD98H-0E63E4AFC0813D655D1BE87477DC59F531839) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



## Concello da Coruña

- Realizar talleres de sensibilización sobre mobilidade sostible, segura e inclusiva no ámbito da educación formal e non formal.
- Organizar campañas de promoción e difusión da mobilidade sostible e segura, con actuacións educativas, formativas e informativas relacionadas coa seguridade viaria.
- Desenvolver actuacións socioeducativas, cun marcado compoñente lúdico e cultural, vencelladas á mobilidade sostible e segura e á promoción de *A Coruña Ciudad 30*.
- Fortalecer o Proxecto de Camiños Escolares baixo a denominación A.N.C.A.S. Asociación de Nenos/as Camiñando por un Ambiente Sostible e Seguro.
- Implementar en novos centros o Camiño Escolar A.N.C.A.S. para continuar xerando un espazo público seguro, para que o alumnado acuda camiñando ou en bicicleta ao colexio.
- Identificar as necesidades de mellora de seguridade nas contornas escolares, priorizar problemas de infraestrutura viaria e dar solución a curto/medio prazo coa participación da comunidade educativa, a veciñanza, os comerciantes e a administración local.
- Conmemorar efemérides e outros eventos relacionados coa mobilidade: a Semana Mundial da Seguridade Viaria (maio), a Semana Europea da Mobilidade (setembro), o Día Mundial en Recordo das Vítimas da Violencia Viaria (novembro), etc.

### SEGUNDA.- Compromisos do CONCELLO

As actuacións previstas neste convenio valóranse en **VINTECINCO MIL EUROS (25.000,00 €)** que financiará o Excmo. Concello da Coruña

### TERCEIRA.- Financiamento da actividade

A actividade financiarase coa achega municipal establecida na cláusula segunda.

En relación co artigo 32 do Regulamento da LXS enténdese que o orzamento municipal prevé a achega do CONCELLO como un importe certo, sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total. En consecuencia, será por conta da entidade beneficiaria a diferenza de custo que poida existir ata completar a execución da actividade subvencionada.

Se o custo total da actividade é inferior ao importe do financiamento público, deberá reintegrarse o resto da achega, de acordo co art. 32.2 do Regulamento da LXS, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.


Declárase a compatibilidade da subvención con outros ingresos ou subvencións, públicas ou privadas. En todo caso, deberá achegarse unha relación detallada de tales ingresos con indicación do seu importe, a súa orixe e os gastos que financiaron. Estes ingresos deberán destinarse a incrementar as actuacións respecto a as xa financiadas coa achega municipal.

A achega municipal realizarase con cargo á aplicación 41.134.48950 Convenios Nominativos do orzamento municipal en vigor.

A achega municipal non poderá superar o déficit resultante do orzamento inicial, no momento da concesión, ou o déficit que resulta rematada a execución das actuacións, no momento da xustificación.

### CUARTA. - Compromisos de STOP ACCIDENTES

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: <b>Texto galego STOP</b>	IDENTIFICADORES <b>OC: 51318I02QX</b>	
OTROS DATOS Código para validación: <b>VHLR6-XNOCT-VD98H</b> Página 4 de 10	SELLO	FIRMAS



## Concello da Coruña

Corresponde a STOP ACCIDENTES executar e xustificar as actuacións previstas no convenio e ao CONCELLO, a través do Servizo de Mobilidade Urbana, controlar e realizar o seguimento dos programas.

STOP ACCIDENTES comprométese a destinar os fondos municipais ao desenvolvemento de accións relacionadas co fomento da seguridade viaria e a prevención de accidentes de tráfico, segundo o obxecto e o procedemento que se recollen na cláusula PRIMEIRA.

STOP ACCIDENTES comprométese a que todo o persoal destinado ás actividades, cando estas impliquen contacto habitual con menores, cumpra co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, asinando a declaración responsable que aparece no formulario de solicitude.

STOP ACCIDENTES comprométese a comunicarlle ao Concello, por escrito e no prazo máximo de un mes desde que teña coñecemento da súa concesión, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración, ente público ou privado, nacional ou internacional, para o financiamento das actividades subvencionadas. Deberá informar, en todo caso, antes de proceder á xustificación do destino dos fondos municipais percibidos.

STOP ACCIDENTES comprométese a conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos durante o tempo en que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.


STOP ACCIDENTES comprométese a reintegrar os fondos percibidos nos supostos que prevé a normativa sobre subvencións.

STOP ACCIDENTES garántelle ao CONCELLO que obterá as autorizacións e permisos necesarios para a execución e desenvolvemento das actividades acordadas. O CONCELLO queda liberado de calquera responsabilidade que se puidese deducir pola ausencia ou a deficiencia de tales autorizacións, xa que son responsabilidade exclusiva de STOP ACCIDENTES.

Ademais dos compromisos anteriores, son obrigas de STOP ACCIDENTES durante a execución do convenio:

- Cumprir de forma estrita as disposicións vixentes en cada momento, incluído o convenio colectivo do sector, no que se refire ao pago de salarios mínimos por categorías profesionais, cotas da seguridade social, mutualismo laboral etc. O persoal que a entidade destine ao proxecto subvencionado non terá ningunha relación laboral con este concello. E este estará facultado para controlar que se cumpre tal obriga.
- Incluír ao Concello da Coruña como entidade patrocinadora en todas as actividades relacionadas co obxecto do convenio que STOP ACCIDENTES organice de forma directa.
- Utilizar unha linguaxe non sexista na súa información, comunicación e iconografía.
- Evitar e previr os prexuízos, prácticas e utilización de expresións verbais e imaxes fundadas sobre a idea da superioridade ou inferioridade dun ou outro sexo, sobre os roles estereotipados femininos e masculinos ou doutros colectivos da sociedade diversa.
- Evitar a discriminación por razón de sexo nas actividades que se desenvolvan de acordo coa finalidade deste convenio.
- Establecer medidas e mecanismos que contribúan a promover a igualdade entre mulleres e homes na diversidade. Para iso, comprométese a presentar, na memoria xustificativa, a desagregación por sexo dos datos das persoas beneficiarias dos proxectos e das persoas traballadoras da entidade.
- A comunicación e a produción escrita e oral (carteleiras, publicidade oral e escritura, redes sociais etc.)/ etc.) de toda a actividade subvencionada polo Concello da Coruña deberá estar en lingua

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: <b>Texto galego STOP</b>	IDENTIFICADORES <b>OC: 51318I02QX</b>	
OTROS DATOS Código para validación: <b>VHLR6-XNOCT-VD98H</b> Página 5 de 10	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 2256902-VHLR6-XNOCT-VD98H-0E63E4AFBC0813D655D1BE8747477DC59F531838) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



## Concello da Coruña

galega, segundo impón o artigo 20.4 da Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña (BOP núm. 116 do 22 de xuño de 2021).

### QUINTA. - Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables os que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido no convenio, tales como gastos de persoal, gastos de profesionais, subministracións e servizos etc., sen que o seu custo poida superar ao de mercado.

Acreditarse de forma fidedigna no xustificante de gasto que este está relacionado de xeito directo coa actividade. Considerarase gasto realizado o que se execute antes do 31 de decembro do ano en curso.

O prazo de execución das actuacións comprenderá desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano en curso. En consecuencia, as facturas e documentos de valor probatorio equivalente no tráfico mercantil deberán emitirse dentro dese período, excepto o custo da Seguridade Social a cargo da empresa e as retencións de IRPF, que se poderán presentar atendendo aos prazos establecidos para a súa liquidación diante do organismo competente.

Detállanse a continuación os diferentes conceptos de gasto que se poden beneficiar da achega.

### Gastos directos


5ª.1. Gastos correntes: publicidade, dípticos, folletos, material formativo, etc. Neste apartado tamén se incluírán os gastos de subcontratacións de servizos e os gastos de servizos de profesionais independentes vencellados de forma directa á execución dalgunha das accións obxecto do convenio, sempre que o seu custo de adquisición non supere o valor de mercado. En ningún caso se subvencionará ningún gasto de investimento, nin a amortización de ningún elemento de inmovilizado. Tampouco serán subvencionables os xuros de contas, recargos nin as sancións administrativas ou penais.

5ª.2. Gastos de persoal: os custos de persoal, polo importe e contía xustificada de acordo cos convenios aplicables. Deberán achegarse as nóminas, os documentos TC da Seguridade Social e os documentos de ingreso das retencións do IRPF.

Poderase subcontratar ata o 50% da actividade subvencionada cos seguintes límites:

- No caso de entidades non vencelladas e nos supostos previstos nos apartados a), b), c) e e) do artigo 29.7 da LXS, non se admitirá a subcontratación en ningún caso.
- Con entidades non vencelladas, en supostos distintos do apartado anterior e cando a subcontratación supere o 50% establecido nesta cláusula, admitirase ata o 50% do gasto que finalmente se considere subvencionable e sempre que non se incremente o custo da actividade. Agás que se acredite que ese incremento supón un valor engadido para a actividade. En xeral, para os casos nos que a subcontratación supere o 20% do importe da subvención e exceda de 60.000 euros, o órgano outorgante da subvención deberá autorizar o gasto e o contrato formalizarse por escrito.
- No caso de subcontratacións con entidades vencelladas, deben observarse os requisitos previstos nos apartados precedentes e o órgano outorgante da subvención poderá autorizar a subcontratación, cando se acredite que o importe subvencionable non excede do custo incorrido pola entidade vencellada. Acreditarse o custo na xustificación nos termos establecidos para acreditar os gastos do beneficiario.

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: <b>Texto galego STOP</b>	IDENTIFICADORES <b>OC: 51318I02QX</b>	
OTROS DATOS Código para validación: <b>VHLR6-XNOCT-VD98H</b> Página 6 de 10	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 2256902-VHLR6-XNOCT-VD98H-0E63E4AFC0813D655D1BE8747477DC59F531838) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



## Concello da Coruña

Se autoriza a subcontratación, o órgano outorgante da subvención establecerá con quen se contratará e os servizos que se recibirán.

En todo caso, cando o importe subcontratado supoña unha porcentaxe significativa do gasto total, O CONCELLO valorará a posibilidade de non admitir o resto dos gastos por incumprir a finalidade para a cal concedeu a subvención.

Observaranse os mesmos requisitos na adquisición de subministracións e a prestación de servizos, de acordo coa Instrución da Intervención Municipal de data 16.04.2014.

### Gastos indirectos

- STOP ACCIDENTES poderá imputar como gastos xerais ata un 10 % do gasto executado, un máximo de **DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2500,00 €)**, sen presentar ningún xustificante. Neste caso non se poderá imputar na conta xustificativa ningún outro gasto xeral, salvo que se acredite de forma fidedigna nos xustificantes de gastos que é un gasto directo e necesario para o desenvolvemento da actividade.

- Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e de rexistro e os gastos periciais non se considerarán gastos indirectos. Só serán subvencionables se son gastos relacionados de xeito directo coa actividade subvencionada e imprescindibles para a súa execución.

### Acreditación do pagamento efectivo de cada un dos gastos

Só se considera gasto realizado o que se pague antes de rematar o período de xustificación.

En ningún caso se aceptará o pagamento en efectivo de cantidades superiores a 500 euros. Cando o pagamento dun servizo estea fraccionado en varios pagos, o límite de 500 euros entenderase referido á suma deles. Para acreditar estes gastos menores deberá achegarse o recibo no que conste que se cobrou, identificando a factura á que se refire ou acreditando no propio xustificante de gasto, mediante dilixencia, cun NIF e unha sinatura, quen recibiu o importe e a data na que o recibiu.

Para acreditar o pagamento de gastos superiores a 500 euros acompañarase á factura o xustificante do pago bancario, sexa por transferencia ou domiciliación (cartilla, extracto bancario, debe ou movemento bancario). Se o pagamento se realiza mediante talón ou cheque deberá achegarse unha copia do documento, ademais do xustificante bancario que acredite que o destinatario o fixo efectivo.

Só se admitirán xustificantes de pagos realizados con cargo a unha conta aberta a nome da entidade beneficiaria da subvención.


Considerarase gasto realizado a cesión do dereito de cobranza da subvención ou a entrega dun efecto mercantil garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.

O prazo para presentar a xustificación remata o 31 de xaneiro do ano próximo.

O nome e o anagrama do Concello da Coruña aparecerá nun lugar preferente, de forma destacada, en todas as actividades que se realicen en execución deste convenio, así como nos medios que se empreguen para a súa difusión. Con este fin, o Concello proporcionará a STOP ACCIDENTES as imaxes que debe utilizar, de acordo co manual de imaxe corporativa.

### SEXTA. - Abono da subvención

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: <b>Texto galego STOP</b>	IDENTIFICADORES <b>OC: 51318I02QX</b>	
OTROS DATOS Código para validación: <b>VHLR6-XNOCT-VD98H</b> Página 7 de 10	SELLO	FIRMAS



## Concello da Coruña

Con carácter xeral, o recoñecemento da obriga a favor de STOP ACCIDENTES e o abono da subvención realizaranse unha vez efectuada a xustificación nos termos establecidos no presente convenio. Perderase o dereito á cobranza total ou parcial da subvención por falta de xustificación ou se concorre algunha das causas previstas no artigo 37 da LXS.

Previa a solicitude expresa da entidade, poderase autorizar o anticipo da subvención total, condicionando o seu pagamento a que se constituía unha garantía do 10 % do seu importe. Farase mediante unha retención equivalente no pagamento do anticipo. Unha vez que se aprobe a xustificación do gasto sen responsabilidade esixible á entidade beneficiaria, devolverase a cantidade retida.

Antes de aboarlle a subvención, a entidade beneficiaria debe acreditar que non ten pendentes obrigas tributarias nin coa Seguridade Social e que non é debedora por providencia de reintegro.


STOP ACCIDENTES non incorre en ningunha prohibición das previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS para ser beneficiaria da subvención ou entidade colaboradora. Consta no expediente de aprobación do convenio a súa declaración responsable respecto diso, ademais dos certificados de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

### SÉTIMA. - Xustificación

Unha vez que remate a actividade e, en todo caso, antes do 31 de xaneiro do ano próximo, STOP ACCIDENTES deberá presentar a seguinte documentación:

- A solicitude de xustificación (Anexo I)
  - A Memoria que acredite a execución da actividade e o grao de cumprimento dos obxectivos, co seguinte esquema:
    - a) Memoria de actuación (Anexo II), que incluirá:
      - As actividades realizadas e a xustificación de que se cumpriron as condicións acordadas.
      - Unha valoración dos resultados obtidos
    - b) Memoria económica, co seguinte detalle:
      1. Balance de ingresos e gastos realizados con motivo da actividade subvencionada, de maneira que se poida comprobar que se axustou ao orzamento inicial (Anexo III)
      2. Relación numerada de gastos coa indicación do acredor, o número de documento, o importe, a data de emisión e a data de pagamento (Anexo V).
      3. Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico mercantil, todos eles orixinais, ordenados segundo o número de orde asignada na relación numerada anterior, así como os documentos que acrediten o seu pagamento efectivo.
      4. Para comprobar en que medida o balance se axusta ao orzamento inicial, acompañarase un cadro de desviacións. E, no caso de producirse, un informe de xustificación.
- O importe da subvención está vencellado ao orzamento total da actividade e en ningún caso poderá ser superior ao déficit deste. Se ao rematar existen desviacións á baixa entre o balance e o orzamento inicial presentado, reintegrarase a parte da achega recibida que exceda do custo total da actividade (Anexos IV e VI).
5. Certificación do secretario, co visto e prace do presidente, das subvencións e demais ingresos xerados con motivo da actividade subvencionada, con independencia do seu reflexo no balance (Anexo VII).

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: Texto galego STOP	IDENTIFICADORES OC: 51318I02QX	
OTROS DATOS Código para validación: VHLR6-XNOCT-VD98H Página 8 de 10	SELLO	FIRMAS



## Concello da Coruña

6. Xustificarse o gasto con facturas ou outros documentos admitidos no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa, sempre que reúnan os requisitos esixidos no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula os deberes de facturación. Cando se necesiten copias dos xustificantes presentados, para dar cumprimento ao art. 73 do Regulamento da LXS, antes de facer a copia deberá facerse constar no orixinal que é un “xustificante de gasto utilizado para obter unha subvención do Servizo de Mobilidade Urbana do Concello da Coruña”.

Deberán presentarse facturas/xustificantes polo total do gasto da actividade subvencionada, aínda que o importe da subvención non alcance o orzamento inicial. No caso de facturas emitidas por persoas físicas en concepto de servizos profesionais, a entidade beneficiaria da subvención está obrigada a reter o importe do IRPF, cos límites e excepcións que establecen a Lei e o Regulamento do imposto e, de ser ese o caso, deberá acreditar o seu ingreso cos modelos 111 e 190 da AEAT.

7. Para xustificar os gastos de persoal, presentaranse as nóminas e os documentos TC1 e TC2 debidamente validados. O TC1 deberá estar selado pola oficina recadadora e/ou ir acompañado do xustificante bancario de abono, aínda no caso de non imputarse custos de seguridade social. O modelo TC2 deberá asinalo a persoa autorizada, en caso de confeccionarse de maneira telemática polo Sistema REDE. Deberán achegarse o modelo 111 (trimestral) e o modelo 190 (resumo anual) acreditativo do ingreso na AEAT das retencións practicadas ás persoas suxeitas ao IRPF.

8. Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 31.3 da LXS, solicítase a entidade por imputar un gasto subvencionable superior a 40.000 euros, para execución de obras, ou 15.000 euros, para unha subministración de bens de equipo ou unha prestación de servizos.

Acreditación do pagamento efectivo de cada un dos gastos: só se considera gasto realizado o que fose efectivamente pagado antes de rematar o período de xustificación, debendo achegarse extracto bancario da transferencia ou copia do cheque bancario. Cando se pague en efectivo, deberá constar na factura a conformidade da parte acreedora.

O Concello resérvase o dereito para comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Por tanto, a entidade beneficiaria obrígase a facilitar a información que lle requira tanto o servizo xestor do convenio como a Intervención Municipal e os órganos competentes na censura de contas.

### OITAVA. - Reintegro


O CONCELLO comprométese exclusivamente a pagar a cantidade expresada na cláusula segunda e a esixir a xestión do convenio na forma que dispoñen a LXS, a LBRL e o Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e a súa normativa de desenvolvemento. Será STOP ACCIDENTES quen asuma calquera responsabilidade que puidese derivarse da execución das actividades obxecto do convenio.

Deberán reintegrarse as cantidades percibidas, co abono dos xuros de mora correspondentes, desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a orixe do reintegro, ou ata o día en que o debedor ingrese o reintegro, se é anterior, nos seguintes casos:

- Obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que a impedisen.
- Incumprir o obxectivo da actividade ou do proxecto ou non adoptar o comportamento que fundamentan a concesión da subvención.



DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: Texto galego STOP	IDENTIFICADORES OC: 51318I02QX	
OTROS DATOS Código para validación: VHLR6-XNOCT-VD98H Página 9 de 10	SELLO	FIRMAS



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 2256902-VHLR6-XNOCT-VD98H-0E63E4AFBC0813D655D1BE8747477DC59F531838) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



## Concello da Coruña

- Incumprir o deber de xustificación ou resultar esta insuficiente nos termos establecidos neste convenio.
- Non adoptar as medidas de difusión contidas na cláusula cuarta.
- Presentar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como incumprir os deberes contables, de rexistro ou de conservación de documentos, cando iso impida verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- Superar o custo da actividade, no caso de concorrer subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, cando o importe do financiamento público supere o custo da actividade. Reintegrarse o exceso producido.
- Xustificar fóra do prazo sinalado na cláusula sexta, e despois do requirimento efectuado de acordo co disposto no artigo 70.3 do regulamento da LXS.
- Nos demais supostos previstos na LXS.

### NOVENA. - Causas de resolución do convenio

Serán causas de resolución do convenio o mutuo acordo entre as partes, así como a denuncia de incumprimento de calquera das cláusulas comunicado á outra parte de forma fidedigna no prazo de un mes desde que se detectou.

### DÉCIMA. - Naturaleza

As partes asinantes do convenio colaborarán en todo momento, de acordo cos principios de boa fe e eficacia, para asegurar a execución correcta do pactado.

Os litixios que se poidan derivar da aplicación, a interpretación, a modificación, os efectos e a resolución do presente convenio, resolveranse de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.


### UNDÉCIMA. - Comisión de seguimento

Para impulsar e supervisar a execución deste convenio constituirase unha Comisión de Seguimento con un membro por cada unha das partes. En representación do CONCELLO, será a persoa responsable do Departamento de Mobilidade.

Todas as incidencias que poidan xurdir na aplicación do convenio presentaranse a través da Comisión de Seguimento, que resolverá de mutuo acordo e exercerá as funcións de vixilancia e control, tanto da súa execución como dos compromisos adquiridos polas partes, co fin último de resolver as discrepancias que lles xurdan en canto á súa interpretación e ao seu cumprimento.

### DUODÉCIMA. - Vixencia

DOCUMENTO DOCUMENTO OPENCERTIAC: <b>Texto galego STOP</b>	IDENTIFICADORES <b>OC: 51318I02QX</b>	
OTROS DATOS Código para validación: <b>VHLR6-XNOCT-VD98H</b> Página 10 de 10	SELLO	FIRMAS



## Concello da Coruña

Este convenio estará vixente durante o ano en curso, no que respecta á execución das actividades e dos gastos. Esténdese ata o 31 de xaneiro do ano próximo o prazo para presentar a xustificación. En ningún caso se admitirá a prórroga.

E para que conste aos efectos oportunos, en proba da súa conformidade, as partes asinan este documento na data da sinatura dixital.

En representación do CONCELLO

En representación de STOP ACCIDENTES

Inés Rey García

Jeanne Picard Mahaut

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 2256902-VHLR6-XNOCT-VD98H-0E63E4AFC0813D655D1BE87477DC59F531838) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.